
Ficus carica L., 1753

- figueira, bevereira
- higuera
- pikondo, ikondo, iko, piku
- figuera
- fig tree
- figueira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Moraceae**	***Ficus***

ORIXE

Asia menor e suroeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Árbore de pouca altura, coa casca lisa, gris, máis ou menos pálida. Pólas moi fráxiles. As follas son caducas, alternas, grandes, ata 30x25 cm, de contorno pentagonal, fortemente lobuladas (5-9 lóbulos), marxe enteira, ásperas ao tacto, debido aos pelos hirsutos tanto da face como do envés e pecíolo longo de 3-7 cm. Cando se parten as poliñas, follas ou froitos mana un látex (leite) branco, un tanto pegañento.

HÁBITAT

Zonas secas e solleiras, crecendo ben en climas temperados e subtropicais. Adáptase a solos pobres e rochosos, pero prefire terreos frescos e profundos, e pode atoparse dende o nivel do mar ata os 1700 m, incluso en gretas de muros e rochas, sendo moi resistente á seca.

DISTRIBUCIÓN

Sur de Europa, norte de África, partes de Asia e América, e Oceanía.

CURIOSIDADES

O que chamamos figo é unha infrutescencia, un receptáculo carnoso chamado sicono que contén centos de diminutas flores e, posteriormente, as sementes, que son os verdadeiros froitos (pebidas).